



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR NO COMPLEXO ADMINISTRATIVO
DE SAN CAETANO O DÍA 4 DE OUTUBRO DE 2007,
BAIXO A PRESIDENCIA DO SR. D.
EMILIO PÉREZ TOURIÑO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Decreto polo que se regulan os termos da xestión do treito Alto de Santo Domingo-enlace de Cea, da autoestrada autonómica Alto de Santo Domingo A-52
- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade de dous treitos da estrada autonómica LU-212
- Decreto polo que se nomea a Manuel González Sarria como presidente do Xurado de Expropiación de Galicia

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, e o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, a través do IMSERSO, para a reforma e adaptación da residencia de maiores *As Gándaras* (Lugo)

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral de Relacións Exteriores, e o *Instituto Nicaraguano de Pesca e Acuicultura (IMPESCA)* para execución dun proxecto denominado: "Fortalecemento dos grupos locais para o aproveitamento sustentable do recurso pesqueiro e a valoración e restauración dos recursos naturais da illa de Omtepe, Nicaragua"



CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

- Acordo polo que se autoriza o compromiso de gasto plurianual derivado da convocatoria de 8 bolsas de formación e prácticas de comercio internacional en Galicia para descendentes de galegos residentes fóra de España
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), as sociedades de garantía recíproca e as entidades financeiras adheridas para a habilitación de dúas liñas de financiamento subsidiado de producións audiovisuais e investimentos en bens de equipamento, que realizarán as pemes do sector audiovisual galego no contexto da convocatoria de axudas do Igape a través das súas bases reguladoras

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e o Concello do Grove para a urbanización da avenida Xoán XXIII (PO-316) no Grove

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e o Concello de Monforte de Lemos para o financiamento das obras de rehabilitación do Centro de Promoción do Viño da Ribeira Sacra e a sede da D.O. Ribeira Sacra

CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun protocolo de cooperación para o intercambio, capacitación, investimento e transferencia da tecnoloxía no ámbito pesqueiro e acuícola entre a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos e o Goberno do Estado de Sucre da República Bolivariana de Venezuela
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, e a *Federación Galega de Confrarías de Pescadores* para o desenvolvemento por parte desa entidade dunha análise e seguimento de cada segmento da flota pesqueira galega, da situación actual económica, estrutural e de viabilidade, así como da calidade das capturas realizadas con determinadas artes de pesca (cerco, volanta, rasco e palangre de fondo) e a súa influencia na comercialización desas capturas, cara á mellora e valorización do produto final



- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, e o Instituto Español de Oceanografía para a realización do proxecto de investigación: “Posta a punto dun sistema de cultivo de paralarvas de polbo *Octopus Vulgaris* e importancia da composición bioquímica na dieta larvaria”

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible da Xunta de Galicia e máis a Real Academia Galega para a realización dun dicionario sobre a paisaxe galega, por importe de 42.000 euros

INFORMES

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre a campaña de vacinación antigripal e antipneumocócica



A XUNTA APROBA O DECRETO POLO QUE SE LIBERA DE PEAXE O TREITO ALTO DE SANTO DOMINGO-CEA DA AUTOESTRADA SANTIAGO-OURENSE

- *A liberación da peaxe da nova autoestrada autonómica entre o Alto de Santo Domingo, no concello de Dozón, e a A-52 nas proximidades de Ourense foi avanzada o pasado abril polo presidente da Xunta, Emilio Pérez Touriño*
- *A situación herdada para a conexión entre Santiago e Ourense penalizaba de forma grave o reequilibrio e os propios cidadáns*
- *O Executivo galego aplicará para liberar de peaxe aos cidadáns un sistema similar aos xa utilizados noutras actuacións como as autovías do Salnés ou do Barbanza*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se regulan os termos da xestión do treito Alto de Santo Domingo-Enlace de Cea da autoestrada autonómica Alto de Santo Domingo-Ourense (A-52), que se porá en servizo este mes. A aprobación deste decreto supón o trámite administrativo necesario para a liberación da peaxe do dito treito, o primeiro que se porá en servizo da autoestrada autonómica libre de peaxe AG-53 que dá continuidade á autoestrada estatal AP-53 Santiago-Alto de Santo Domingo.

O Executivo galego aplicará para liberar de peaxe aos cidadáns un sistema similar aos xa utilizados noutras actuacións como as autovías do Salnés ou do Barbanza. Isto é así porque a Xunta entende que a situación herdada para a conexión entre Santiago e Ourense penalizaba de forma grave o reequilibrio e aos propios cidadáns ao impoñer unhas peaxes que supuñan un custe moi elevado para accesibilidade e a mobilidade dun territorio necesitado de discriminación positiva.

Esta medida inclúese dentro do obxectivo xeral da Xunta de Galicia de impulsar as infraestruturas na provincia de Ourense. Para isto, o Goberno galego está a traballar conxuntamente co Ministerio de Fomento. Dentro desta colaboración enmárcanse iniciativas concretas como o impulso dado ás autovías Ourense-Lugo, Ourense-Ponferrada; Verín-Fronteira Portuguesa e a ponte internacional de Feces de Abaixo ou a autoestrada Ourense-Santiago.

Historia do proxecto

A primeira vez que se planeou unha conexión de altas prestacións entre Santiago e Ourense foi co Goberno de Felipe González, a través da aprobación do *Plan Director de Infraestruturas 1993-2007*. Nese plan, programábase esta unión como unha vía da rede de alta capacidade libre de peaxe.

Foi no ano 1996, co acceso do Partido Popular ao Goberno central, cando se muda a concepción desta infraestruturas, ao converterse nunha estrada de pago despois de



que o 16 de abril de 1997 se subscribise un convenio entre a Xunta de Galicia e o Ministerio de Fomento.

Neste convenio divídese a autoestrada en dous treitos: Santiago- Dozón, e Dozón-Ourense, ambos os dous de titularidade estatal. O primeiro comeza a construírse deseguido, mentres que o segundo queda supeditado a unha intensidade media de tráfico de 10.000 vehículos día. Neste convenio, a Xunta de Galicia, ademais dos estudos informativos previos, acorda achegar 60 millóns de euros a fondo perdido, para construír unha autoestrada que a súa vez tiñan que pagar todos os usuarios.

En decembro de 1998 publícase o prego de cláusulas administrativas particulares para o concurso de construción, conservación e explotación da autoestrada. Este concurso foi declarado deserto en xullo do seguinte ano, deixando patente a pouca viabilidade dunha autoestrada de peaxe entre Santiago e Ourense.

Posteriormente, en outubro de 1999 apróbase o Real Decreto 1702/1999 polo que se adxudica a construción e explotación da autoestrada a unha agrupación de 13 empresas, e se lles otorga o dereito de cobrar peaxe durante 75 anos, ata 2074.

A argumentación principal da necesidade desta infraestrutura era a cohesión territorial. Porén, en xuño de 1999 a Xunta presenta o *Plan de Desenvolvemento Económico 2000-2006* que non contempla a autoestrada Santiago-Ourense. Como tampouco o fai o *Plan de Infraestruturas 2000-2007* do Goberno Central.

Autoestrada Dozón-Ourense

O Goberno Galego decide asumir en solitario a execución da segunda parte de obra. En decembro de 2002, autorízase ao Consello da Xunta para constituír unha sociedade pública autonómica, OCEOUSA, para explotar as obras do treito Dozón-Ourense, que tamén levarían peaxe. Unha decisión que agora corrixe o Goberno presidido por Emilio Pérez Touriño.

Con esta medida, o Goberno galego libera da discriminación ao interior de Galicia e abarata o custo do transporte e da mobilidade no corredor entre Santiago e Ourense. Para acadar esta medida, as consellerías de Política Territorial e Economía traballaron conxuntamente, co obxecto de estudar diferentes posibilidades de viabilidade que permitiran eliminar a peaxe.

En concreto, o decreto aprobado hoxe polo Consello da Xunta establece as tarifas que a Xunta aboará á concesionaria da autoestrada, ACEOUSA, para que os usuarios non teñan que pagar peaxe neste treito, Santo Domingo-enlace Cea. Esta taxa será de 0,0729 euros por quilómetro (máis IVE) para os vehículos lixeiros, 0,1229 euros/quilómetro para os vehículos pesados de tipo 1 e 0,1457 euros/quilómetro para



os vehículos pesados de tipo 2. Estas tarifas, no marco dos acordos subscritos no seu día polos anteriores gobernos autonómico e central, son similares ás establecidas para o treito de titularidade estatal Santiago-Alto de Santo Domingo.



A XUNTA, A TRAVÉS DA CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES, TRANSFIRE AO CONCELLO DE TABOADA A TITULARIDADE DE DOUS TREITOS DA ESTRADA LU-212

- ***O Concello de Taboada asumirá a xestión, mantemento, conservación e explotación dos treitos sobrantes***

O Consello da Xunta aprobou hoxe un decreto sobre o cambio de titularidade de dous treitos da estrada LU-212 que pertencen á Comunidade Autónoma e que serán transferidos ao Concello de Taboada.

O cambio de titularidade afecta o treito entre puntos quilómetros 2+880 e 3+150 (denominado área de descanso 1, próxima a O Cruceiro) e a outro entre os puntos kilométricos 5+290 e 5+430 (área de descanso 2, próxima ao Chao).

A normativa establece que poderán ser obxecto de cambios de titularidade a favor dos concellos aquelas estradas ou treitos de estradas que teñan características de urbanas ou ben por pertenceren a treitos antigos de estradas en que se fixeron variantes de trazado, como é o caso dos dous tramos obxecto do decreto.

A transferencia conta co informe favorable da Dirección Xeral de Estradas e co acordo do Concello de Taboada que, a partir da súa formalización, asumirá a xestión, mantemento, conservación e explotación dos devanditos treitos sobrantes.

A entrega formal realizarase mediante a sinatura da correspondente acta, nos dous meses seguintes á publicación no DOG do decreto aprobado hoxe.



O GOBERNO GALEGO COLABORARÁ CO INSTITUTO NICARAGUANO DA PESCA E ACUICULTURA (IMPESCA) NO REFORZO DA ESTRUTURA PRODUTIVA DO PAÍS

- *A Xunta destina, a través da Dirección Xeral de Cooperación Exterior, 36.000 euros a este programa*
- *Trátase de favorecer o desenvolvemento non dependente en materia de pesca neste país*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Dirección Xeral de Cooperación Exterior e o Instituto Nicaraguano da Pesca e Acuicultura (IMPESCA) co fin de levar a cabo un reforzo da estrutura produtiva pesqueira do país e favorecendo o seu desenvolvemento non dependente.

Con este fin, o Goberno galego destinará 36.000 euros para potenciar os recursos humanos e materiais.

Con este investimento valoraranse os recursos pesqueiros da Illa de Ometepe impulsaranse os procesos organizativos para a súa conservación e o aproveitamento sustentable.



O IGAPE AMPLÍA O SEU IMPULSO AO SECTOR AUDIOVISUAL GALEGO CON LIÑAS DE FINANCIAMENTO PARA PRODUCCIÓN E COMPRAS DE EQUIPAMENTOS

- *O Instituto Galego de Promoción Económica subvencionará préstamos por un importe de ata 20 millóns de euros*

O Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) subvencionará préstamos por un importe de ata 20 millóns de euros destinados á produción audiovisual e á compra de equipamentos neste sector. Así o aprobou hoxe o Consello da Xunta, que autorizou ao Instituto dependente da Consellería de Economía e Facenda para asinar un convenio coas sociedades de garantía recíproca galegas –Afigal e Sogarpo- e entidades financeiras, polo que se habilitarán dúas liñas de financiamento.

Na primeira liña, o Igape subsidiará préstamos por un importe global de ata 15 millóns de euros destinados a financiar producións audiovisuais participadas por produtoras galegas como longametraxes, películas para televisión, documentais e animación, mini-series de ficción, programas piloto e producións de contidos interactivos.

Na segunda liña, o Igape subsidiará préstamos por importe conxunto de ata 5 millóns de euros para financiar investimentos en bens de equipamento para pequenas e medianas empresas do sector audiovisual galego e da súa industria auxiliar.



DESCENDENTES DE GALEGOS NO EXTERIOR BENEFICIARANSE DE BOLSAS DE FORMACIÓN E PRÁCTICAS EN COMERCIO INTERNACIONAL, IMPULSADAS POLO IGAPE

O Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) destinará 158.400 euros a oito bolsas de formación e prácticas de comercio internacional en Galicia para facilitar a especialización nesta materia de descendentes de galegos residentes fóra de España. As bolsas, cunha duración de doce meses, constan dunha parte de formación teórica a desenvolver en Santiago, e un período de prácticas en empresas de Galicia.

Esta convocatoria de bolsas inversas vén desenvolver un dos obxectivos do convenio suscrito polo Instituto dependente da Consellería de Economía e Facenda con entidades e asociacións empresariais de Galicia e asociacións de empresarios galegos no exterior para colaborar na promoción da actividade económica das empresas galegas mediante o fortalecemento das relacións comerciais e a promoción de acordos con empresas estranxeiras.

Unha das accións previstas nese acordo marco é a referida á convocatoria das bolsas destinadas a facilitar a especialización de capital humano, neste caso, de titulados descendentes de galegos. Esta medida complementa o programa de bolsas de promoción exterior do Igape, que ofrece neste ano un total de 25 bolsas para a especialización no exterior de galegos ou descendentes de emigrantes galegos.

O convenio de colaboración promovido polo Instituto regula a colaboración entre o Instituto e as institucións asinantes, para o fomento da cooperación entre empresarios de orixe galega en todo o mundo. O fin desta cooperación é o de fortalecer os negocios e alianzas deste colectivo mediante a realización de actuacións conxuntas. Xunto coas bolsas inversas, o Igape enviará un mínimo de cinco bolseiros de promoción exterior a países con forte presenza de empresarios de orixe galega.



A XUNTA INVISTE MÁIS DE 2 MILLÓNS DE EUROS NAS OBRAS DE REFORMA DA RESIDENCIA DAS GÁNDARAS DE LUGO PARA ADAPTALA Á DEPENDENCIA

- *O Consello da Xunta autorizou este xoves a sinatura dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e o Ministerio de Traballo para o financiamento destes traballos*

O Consello da Xunta deu luz verde, na súa reunión de hoxe, á sinatura dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e o Ministerio de Traballo, a través do IMSERSO, para a reforma e adaptación da residencia de maiores das Gándaras, en Lugo. O custo destes traballos ascende a 2 millóns de euros. En virtude do convenio autorizado esta mañá, o Ministerio financiará estes traballos con 700.000 con cargo aos orzamentos do 2007. Pola súa banda, a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar achegará a cantidade de 1.300.000 euros restante.

As obras que se van levar a cabo na residencia das Gándaras son para adaptar o centro ás persoas dependentes. Deste xeito, vaise levar a cabo unha reforma integral na segunda e terceira planta do centro, que permitirá transformar 56 prazas de persoas válidas en prazas para persoas dependentes. Ademais, desenvolveranse actuacións de reforma e mellora da accesibilidade nas plantas restantes. O prazo previsto para a execución destes traballos é de 12 meses.

Estas obras de reforma inclúense no Plan Integral de Mellora de Centros, P.I.M con que a Xunta pretende mellorar todos os centros de atención residencial de titularidade autonómica en Galicia, das súas instalación e dos servizos prestados. Este plan prevé actuacións nos 15 centros de maiores que hai en Galicia, 4 na provincia de Lugo, cun investimento de 20 millóns de euros. Na cidade de Lugo investiranse nas obras de mellora das dúas residencias da capital 2.711.565 euros e no total da provincia (nos catro centros de maiores), preto de 4 millóns de euros.



POLÍTICA TERRITORIAL INVESTIRÁ PRETO DE 600.000 EUROS NA MELLORA DA AVENIDA XOAN XXIII, NO GROVE

▪ *As obras correspóndense co treito urbano da estrada PO-316*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e o Concello do Grove, para a urbanización da Avenida Xoán XXIII, que se corresponde co treito urbano da estrada PO-316.

Política Territorial financiará con preto de 597.000 euros en obras de mellora da seguridade viaria e dotación de novos servizos de carácter urbano na Avenida Xoán XXIII, concretamente entre os puntos quilométricos 4 + 470 e 5 + 000. Este treito, de preto de 600 metros, dotarase de beirarrúas nas marxes da estrada e instalaranse os correspondentes servizos de iluminación, recollida de pluviais, saneamento e abastecemento de auga.

Pola súa banda, o Concello do Grove deberá poñer á disposición os terreos necesarios e tramitar os permisos e licenzas pertinentes. Así mesmo, unha vez rematadas as obras, asumirá a titularidade deste treito, polo que será o responsable da súa explotación, mantemento e conservación.



INNOVACIÓN E INDUSTRIA ACHEGARÁ MÁIS DE 166.000 EUROS PARA AS OBRAS DE REHABILITACIÓN DO CENTRO DE PROMOCIÓN DO VIÑO DA RIBEIRA SACRA E SEDE DESTA DENOMINACIÓN DE ORIXE

- *O Consello da Xunta autorizou a sinatura dun convenio de colaboración entre esta Consellería e o Concello de Monforte*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e o Concello de Monforte de Lemos para o financiamento das obras de rehabilitación do Centro de Promoción do Viño da Ribeira Sacra e Sede da Denominación de Orixe Ribeira Sacra.

Este centro, antiga casa do Concello de Monforte, constitúe un espazo arquitectónico único, en que ambos os usos se complementan e que dá cobertura a todo o referente ao mundo do viño, así como a posta en valor dos recursos turísticos, produtivo e paisaxísticos da Ribeira Sacra.

Deste xeito, o centro convértese nun atractivo turístico e cultural que serve de porta de entrada dos visitantes da Ribeira Sacra, ao tempo que potencia a súa denominación de orixe e se consolida como un centro de referencia comarcal.

Coa fin de contribuír á consecución destes obxectivos, a Consellería de Innovación e Industria, a través da súa Dirección Xeral de Turismo, achegará un total de 166.801,92 euros ao financiamento das obras de rehabilitación do edificio.



A XUNTA E O ESTADO VENEZOLANO DE SUCRE COLABORARÁN NA TRANSFERENCIA DE TECNOLOXÍA NO ÁMBITO PESQUEIRO E ACUÍCOLA

- *A Consellería de Pesca e o Estado venezolano de Sucre asinarán un protocolo de cooperación para consolidar a colaboración mantida nos anos 2006 e 2007*
- *Para a concreción práctica de proxectos e actividades subscribiranse convenios específicos cuxos programas de traballo, orzamento e medios serán determinados por unha comisión de seguimento*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun protocolo de colaboración entre a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos e o Goberno do Estado de Sucre, da República Bolivariana de Venezuela. O obxectivo principal deste convenio é a elaboración dun plan que permita implantar programas e proxectos de colaboración para o intercambio, capacitación, investimento e transferencia de tecnoloxía no ámbito pesqueiro e acuícola, así como no uso racional dos recursos mariños e o desenvolvemento das industrias auxiliares relacionadas coa pesca.

A subscrición deste protocolo permite consolidar e mellorar as relacións entre o seu departamento e o estado venezolano. De feito, investigadores vinculados a Pesca veñen mantendo un intercambio de experiencias pesqueiras e acuícolas con institucións do mesmo ámbito relacionadas co Estado de Sucre e, en diferentes encontros celebrados en 2006 e 2007, xurdiu a necesidade de fortalecer a colaboración entre eles.

O protocolo que subscribirán a Administración galega e a venezolana terá unha vixencia de seis meses, contando desde o día seguinte da súa sinatura, se ben entenderá prorrogado automaticamente por períodos de igual duración salvo indicación contraria dalgunha das partes. Ademais, coa finalidade de verificar o correcto desenvolvemento do convenio e definir novas accións designarase unha comisión de seguimento integrada por dous representantes de cada unha das institucións.

A cooperación entre as dúas administracións estará fundamentada na solidariedade, a cooperación, a complementariedade, a reciprocidade e a sustentabilidade. Así mesmo, comprométense a facilitarse mutuamente os medios humanos e materiais necesarios para a consecución dos obxectivos que se pretenden acadar coa formalización do devandito protocolo. Neste eido, cabe sinalar que para a cooperación práctica de proxectos e actividades formalizaranse convenios específicos de colaboración en que a comisión de seguimento determinará o seu obxecto, programa de traballo, orzamento e medios requiridos, así como calquera outro aspecto que se considere relevante.



A sinatura deste protocolo deriva de que tanto a Administración pesqueira galega como o Estado de Sucre consideran transcendental explorar as posibilidades para constituír alianzas estratéxicas co obxectivo de incentivar proxectos comúns para a pesca e a acuicultura, así como a transferencia de coñecementos e experiencia dentro do marco da cooperación bilateral.



PESCA E O INSTITUTO ESPAÑOL DE OCEANOGRAFÍA COLABORARÁN NO CULTIVO INTENSIVO DE PARALARVAS DE POLBO ATENDENDO AOS REQUIRIMENTOS NUTRICIONAIS DESTA ESPECIE

- *Os dous organismos veñen de asinar un convenio polo que o departamento autonómico achegará 146.630 euros para a realización desta actividade. Este orzamento executarase en catro anualidades*
- *O protocolo subscrito entre a Consellería e o IEO estará vixente ata o 31 de decembro de 2010 e para o seu seguimento terán lugar polo menos dúas reunións anuais entre as partes para analizar os traballos levados a cabo*

O Goberno galego aprobou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Pesca e o Instituto Español de Oceanografía (IEO). O obxectivo desta iniciativa é a posta a punto dunha técnica de cultivo intensivo de paralarvas de polbo que ofrezca bos resultados de crecemento e supervivencia, determinando a importancia dos lípidos e as proteínas como requirimentos nutricionais desta especie.

A actividade “*Posta a punto dun sistema de cultivo de paralarvas de polbo Octopus Vulgaris e importancia da composición bioquímica na dieta larvaria*” contará cun orzamento de 146.630 euros, que serán achegados pola Consellería de Pesca con cargo aos orzamentos xerais de Galicia, e serán executados en catro anualidades. Así, durante este ano destinaranse 18.095 euros a esta actividade, mentres que o ano que vén adicaranse 48.895 euros. Pola súa banda, os exercicios de 2009 e 2010 contarán con 46.640 e 33.000 euros, respectivamente.

O IEO porá á disposición da Consellería os equipos de investigación en acuicultura do centro Oceanográfico de Vigo xa que dispón dos recursos técnicos e humanos necesarios para a realización dos traballos proxectados.

Os obxectivos concretos destas actuacións serán confirmar a utilidade do cultivo de paralarvas de polbo alimentadas con *Artemia sp.* enriquecida con *Nannochloropsis sp.* (microalgas), e avaliar a influencia de dietas inertes, teoricamente superiores a nivel nutritivo, compostas por zoeas de *Maja sp.* e/ou por zooplanto do medio natural. Ademais, realizarase un seguimento da composición bioquímica en lípidos e proteínas de paralarvas e presas para determinar a relevancia nutricional dos diferentes compoñentes analizados.

Actividades que se desenvolverán

As actividades que se desenvolverán por parte do Instituto Español de Oceanografía son a captura e estabulación de stock de reprodutores de polbo e a obtención de “zoeas” (o seu primeiro alimento) a partir de reprodutores de centola procedentes do medio natural ou de cetáceas.



Así mesmo, deberán obter zooplancto en diferentes estacións e épocas do ano, para o que contarán co buque oceanográfico do IEO "José María Navaz". O zooplancto será peneirado e conxelado a bordo, de xeito que estas mostras serán empregadas para determinar a súa composición bioquímica e para elaborar distintas dietas mediante varios procesados.

Outra das actuacións que realizará persoal do IEO será a avaliación da influencia e efectividade de novas dietas baseadas no procesado a base de zooplancto natural e/ou zoeas de *Maja*. Pola súa banda, o Centro de Investigacións Mariñas da Consellería de Pesca levará a cabo a análise química de proteínas totais e lípidos das paralarvas de polbo e das dietas empregadas.

Vixencia e realización dos traballos

O convenio estará vixente ata o 31 de decembro de 2010 ou ata o remate das actuacións nel recollidas, logo de prórroga acordada entre as dúas partes. Os traballos serán realizados por un equipo de investigación do IEO adscrito aos Centros Oceanográficos de Vigo, baixo a dirección de José Iglesias Estévez, quen asumirá as funcións de coordinación coa Consellería. Por parte do departamento de Pesca os traballos estarán baixo o mando do director do Centro de Investigacións Mariñas (Cima), Alejandro Guerra.

Durante o período de vixencia, os responsables de ambas as dúas partes reuniranse polo menos dúas veces ao ano para analizar as actividades levadas a cabo e intercambiar impresións sobre o desenvolvemento delas. A estas xuntanzas poderá asistir o persoal do IEO e de Pesca que se considere conveniente.

A propiedade e utilización científica dos datos e os resultados finais da investigación serán exercidas conxuntamente pola Consellería e o Instituto Español de Oceanografía. Ademais, os dous organismos comprométense a intercambiar o material científico e os coñecementos obtidos, así como a publicar conxuntamente os resultados da investigación obxecto do convenio.

Cabe sinalar que este protocolo se subscribe ao abeiro dun Convenio Marco de Colaboración asinado o pasado mes de marzo entre os dous organismos para a realización de actuacións conxuntas en materia de investigación mariña, asesoramento científico-técnico e formación. Na cláusula terceira do devandito convenio establecíase que cada un dos proxectos de cooperación entre as partes requiriría a elaboración dun tratado específico.



PESCA PROMOVE A ANÁLISE DAS TENDENCIAS NO ÁMBITO EXTRACTIVO, TRANSFORMADOR E COMERCIALIZADOR DO SECTOR PESQUEIRO

- *Esta acción realizarase a través dun convenio asinado coa Federación Galega de Confrarías*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o desenvolvemento dunha iniciativa que vai poñer en marcha a Consellería de Pesca e que consiste na análise e seguimento da situación actual, económica e estrutural de cada segmento da frota pesqueira galega, así como da calidade das capturas realizadas con determinadas artes de pesca (cerco, volanta, rasco e palangre de fondo) e a súa influencia na comercialización cara a mellora e valorización do produto final. Para a posta en marcha desta acción, asinarase proximamente un convenio entre a Consellería de Pesca e a Federación Galega de Confrarías.

Pesca traballa na mellora da imaxe dos produtos pesqueiros cuxa extracción sexa responsable e garanta a conservación e sustentabilidade dos recursos. Para facer isto posible, o departamento autonómico precisa coñecer unha serie de elementos que permitan analizar as tendencias do sector extractivo, transformador e comercializador, sendo o propio sector o directo beneficiario do incremento da rendibilidade do esforzo pesqueiro que se pretende acadar con esta actuación.

Para a correcta realización do proxecto é necesario contar coa colaboración das organizacións galegas máis representativas da pesca de baixura, artesanal e do marisqueo. É por iso que a Federación Galega de Confrarías será a encargada do desenvolvemento do estudo mediante un convenio coa Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos.

Entre as tarefas que se levarán a cabo no marco deste proxecto atópanse, o seguimento da situación actual da frota que traballa con cerco, volanta, rascos e palangre de fondo; a análise das descargas de embarcacións; a valoración da calidade dos produtos desembarcados; o estudo da evolución dos prezos na comercialización pesqueira, e a análise de solucións que permitan un mellor desenvolvemento do sector, tanto nas políticas de planificación e ordenación pesqueiras como nas de comercialización. Ademais, a Federación deberá presentar ante Pesca unha memoria que recolla a descrición xeral do estudo, as accións desenvoltas, os participantes, puntos críticos atopados e solucións propostas, así como a valoración sectorial dos resultados acadados neste senso.

O protocolo recolle tamén a creación dunha comisión de seguimento formada polo director xeral de Estruturas e Mercados da Pesca e o secretario xeral da Federación para así asegurar a boa fin e cumprimento do convenio.



Para a realización deste estudo, a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos achegará 530.000 euros.



A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE ASINA UN CONVENIO COA REAL ACADEMIA GALEGA PARA ELABORAR O PRIMEIRO DICCIONARIO SOBRE A PAISAXE DE GALICIA

- *O manual, que xorde co obxectivo de conservar o patrimonio lingüístico e ambiental, recollerá os termos, palabras e expresións populares que definen a paisaxe en Galicia*

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e a Real Academia Galega traballarán conxuntamente na elaboración do primeiro dicionario sobre a paisaxe de Galicia, no cal se recollerán os termos, palabras e expresións populares que definen a riqueza do patrimonio natural da nosa comunidade. Con tal fin, o consello da Xunta aprobou hoxe o convenio de colaboración que permitirá a investigación e busca semántica dos termos, xiros lingüísticos e localismos, así como a estruturación, redacción e maquetación do dicionario en si.

O manual será o primeiro deste tipo en que se recollan as voces galegas relacionadas coa paisaxe e se establezan os seus conceptos. Trátase de palabras moi arraigadas na sociedade, que dan mostra da vinculación histórica entre o home e a paisaxe, chegando a ser símbolo da identidade galega. A obra dará conta dos elementos paisaxísticos relevantes de Galicia e, pola súa vez, servirá de instrumento para o uso correcto da terminoloxía en galego relacionada coa paisaxe, facilitando o uso da lingua galega neste eido. Deste xeito, preténdese acadar un dobre obxectivo, a preservación e protección do patrimonio lingüístico e ambiental.

O dicionario, ademais de contar con exemplares impresos, será difundido pola Consellería de Medio Ambiente a través da súa páxina web: <http://medioambiente.xunta.es>. Así, as descrições de termos como cómaros, veigas, sebes ou lameiros aparecerán acompañados dunha fotografía para unha mellor comprensión e difusión do seu significado.

A consellería, a través da Dirección Xeral de Conservación da Natureza, achegará 42.000 euros (12.000 este ano e o resto en 2008) para a realización dos traballos.



A CAMPAÑA DE VACINACIÓN ANTIGRI PAL E ANTIPNEUMOCÓCICA 2007, PROMOVIDA POLA XUNTA DE GALICIA, DISTRIBUIRÁ PRETO DE 700.000 DOSES EN MÁIS DE 1.000 PUNTOS DE VACINACIÓN

- *Os maiores de 65 anos e aqueles pertencentes aos grupos de risco, poderán acudir aos máis de 1.000 puntos de vacinación ata o 30 de novembro*
- *Nesta campaña, o Goberno galego inviste un total de 3.494.000 euros*

A conselleira de Sanidade informou hoxe o Consello da Xunta do inicio da campaña de vacinación antigripal e antipneumocócica para este ano 2007. A partir do vindeiro luns 8 de outubro, e ata o 30 de novembro, as persoas de 65 ou máis anos ou aquelas pertencentes a algún grupo de risco poderán acudir ao seu médico ou centro de saúde, onde disporán de todo o necesario para levar a cabo a vacinación. Nesta campaña, o Goberno galego inviste un total de 3.494.000 euros.

Existen máis de 1.000 puntos de vacinación dispoñibles en toda Galicia entre os cales figuran todos os centros de Atención Primaria da rede pública, os hospitais do Servizo Galego de Saúde, os centros sanitarios privados, as residencias da terceira idade, os centros penitenciarios e unidades asistenciais de drogodependencias. A poboación diana desta campaña son as persoas de 65 ou máis anos, ás cales se lle ofertará a vacina antigripal como todos os anos, e a vacina antipneumocócica no caso de que aínda non a recibise.

Indicarase a vacina tamén aos e ás menores de 65 anos que pertencen a algún grupo de risco, como aquelas que poden padecer complicación derivadas da gripe, con enfermidades crónicas que se poidan descompensar, ou aquelas persoas capaces de transmitir a gripe a outras persoas de alto risco. Dentro deste último grupo adquire especial importancia a vacinación dos traballadores dos centros sanitarios e sociais. Tamén se deben vacinar as persoas que desenvolvan traballos esenciais para a comunidade, as persoas en contacto ocupacional con aves, e os viaxeiros internacionais.

O obxectivo fundamental é diminuír o número e gravidade das complicacións derivadas da gripe, reducindo as causas de hospitalización e mesmo de morte. Entre os obxectivos específicos, a Consellería de Sanidade establece conseguir unha cobertura de vacinación antigripal na poboación de 65 ou máis anos polo menos do 65 por cento; unha cobertura de vacinación antigripal nas residencias da terceira idade de polo menos o 85 por cento; e aumentar a vacinación dos e das traballadores de centros sanitarios e sociais nun 10 por cento respecto da campaña anterior.

Para acadar todos estes obxectivos, realizouse a compra de 650.000 doses de vacina antigripal e 30.000 doses de antipneumocócica, que xa están comezando a se



distribuír. A Dirección Xeral de Saúde Pública da Consellería de Sanidade xa emitiu a documentación informativa a todos os puntos de vacinación participantes, 115.000 folletos para poboación xeral, 3.800 carteis divulgativos, 125.000 renovados carnés de vacinación do adulto para o axeitado rexistro das doses vacinais, 7.000 instrucións da campaña, 7.000 talonarios de prescrición da vacina, 2.300 libros de rexistro diario da vacina administrada, e 9.000 carteis de promoción da vacinación entre os profesionais sanitarios. O orzamento total da campaña é de 3.480.800 euros.



MANUEL GONZÁLEZ SARRIA, NOVO PRESIDENTE DO XURADO DE EXPROPIACIÓN DE GALICIA

- *O novo presidente é enxeñeiro superior agrónomo e xa formaba parte do xurado autonómico*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se nomea a Manuel González Sarria como presidente do Xurado de Expropiación de Galicia. González Sarria vén substituír a anterior presidenta, Julia Chamosa. María José Caride deu hoxe conta deste nomeamento ao Consello da Xunta.

Manuel González Sarria naceu en Carballedo (Lugo) en 1966. É enxeñeiro superior agrónomo pola ETSIA de Lugo e forma parte do corpo de funcionarios da Xunta de Galicia desde 1989. Foi Xefe de Sección no Servizo de Estruturas Agrarias da Consellería de Agricultura en Lugo entre 1989 e 1994. Desde ese ano e ata o 2003 foi Xefe de Sección de Concentración no Servizo de Estruturas Agrarias da Consellería de Agricultura en Lugo. No desempeño da súas funcións á fronte desta sección coordinou e realizou procesos para a concentración parcelaria e redactou e dirixiu distintos proxectos de obra (redes de camiños, abastecemento de auga e saneamento, electrificación rural, etc). Tamén foi xefe de área no Servizo de Industrias e Promoción Agroalimentaria da Consellería de Agricultura na Delegación de Ourense. Ademais é autor de distintas publicacións e artigos relacionados coa súa especialidade profesional.

En xaneiro de 2006 Manuel González Sarria incorporouse como vogal permanente ao Xurado de Expropiación de Galicia, dependente da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes. Desde o cesamento da presidenta do Xurado, Julia Chamosa, o pasado 30 de agosto, viña exercendo como suplente este cargo, segundo o establecido nos estatutos do organismo.